

ACTA DE SELECCIÓN DE 1 EDUCADOR/A SOCIAL PARA O CENTRO OCUPACIONAL VILALBA TERRA-CHÁ DEPENDENTE DA FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA VILALBA TERRA-CHÁ.

Reunidos na casa do Concello de Vilalba, Lugo, a 26.01.2023 a comisión para a selección de 1 EDUCADOR/A SOCIAL para traballar no Centro Ocupacional dependente da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá , subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade (Expte TR352A 2022), D. Eladio de Vicente Fernández actuando como Presidente, D. Mauro Chico Carballas, actuando como Secretario, Dna. Mónica Bello Novo, actuando como Vogal , e Dna. Cristina Prado Rouco traballadora do Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá actuando como Vogal e Dna. Miriam Seoane Dorado, traballadora do Centro Ocupacional Vilalba Terra Chá actuando como Vogal, nomeados pola Presidenta da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá na aprobación das Bases da convocatoria.

Procédese á recepción das aspirantes enviados pola Oficina Pública de Emprego de Vilalba, así como as que presentan directamente a súa candidatura ao posto, recollendo a documentación xustificativa dos méritos das aspirantes presentadas e interesadas en participar no proceso selectivo para proceder á baremación dos mesmos. Seguidamente realízase a entrevista persoal de cada un dos aspirantes interesados no posto de traballo ofertado, valorando a mesma.

Os resultados do proceso son os que se reflexan na seguinte táboa:

NOME E APELIDOS	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	ENTREVISTA	TOTAL
NOEMÍ PAZ FERNANDEZ	0	0	5	5
UXIA VILLARES GONZALEZ	0	0.95	6	6.95
IRIA VILLAR CANCELA	0	0.10	7	7.10
ANDREA CARBALLIDO CIBREIRO	0	0	7.5	7.5

Tendo en conta as puntuacións acadadas, a persoa seleccionada para o posto de EDUCADORA SOCIAL para traballar no Centro Ocupacional dependente da Fundación para a Protección de Persoas con Discapacidade Psíquica Vilalba Terra-Chá, a través dun contrato de 12 meses ao 75% da xornada laboral é a seguinte:

1-Andrea Carballido Cibreiro

As aspirantes que quedan como reservas por orde de puntuación son as seguintes:

2. Iria Villar Cancela
3. Uxia Villares González
4. Noemí Paz Fernández

A aspirante que queda excluída por non presentarse é :

M^a Ángeles García Montouto

A comisión para a selección eleva os resultados da presente Acta á PRESIDENTA A FUNDACIÓN PARA A PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE PSÍQUICA VILALBA TERRA-CHÁ, para realizar a contratación do candidato elixido, e si renunciara o candidato proposto pasarase á lista de reservas.



E para que así conste asinan a presente Acta en Vilalba a 26 de Xaneiro de 2023

Asdo: D. Eladio De Vicente Fernández
Presidente da Comisión de Selección

Asdo: D. Mauro Chico Carballas
Secretario da Comisión de Selección